



Comunicado de prensa: Arranca unha nova tempada de actividades scout en Ourense

O grupo scout laico da cidade comeza as súas actividades anuais con dúas actividades especiais para dar a coñecer a súa oferta educativa a máis familias da cidade de Ourense.

Ourense, 30 de setembro. Nos próximos días o Grupo Scout ILEX 959, integrante da federación ASDE - Scouts de Galicia, inicia un novo ciclo anual de estimulantes e divertidas actividades que se desenvolverán cada sábado pola tarde, de 16:30 a 19:30 horas, nas instalacións do Espazo Xove que iremos alternando con outras en contacto coa Natureza como rutas ou campamentos.

Pero este inicio de xeira comeza con dúas actividades especiais, **grazas ao apoio económico do programa Iniciativa Xove** da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia, e que teñen por obxecto darnos a coñecer e animar a máis nenas e nenos a vivir con nós a aventura scout. Serán as seguintes:

Xogos na rúa. Este sábado **1 de outubro, de 17:00 a 19:30 h.** na praza de Santo Antón estaremos facendo xogos para rapaces e rapazas de entre 8 a 14 anos, nunha actividade aberta á participación doutros rapaces e rapazas, e as súas familias, que poderán facer unha toma de contacto coa nosa entidade e gozar coas nosas activas e divertidas propostas. Ademais estaremos facendo e repartindo gratuitamente flocos de millo entre as persoas que se acheguen a coñecernos.

Campamento "academia de exploradores/as". Entre os próximos **7 e 9 de outubro** convidaremos a 40 rapaces e rapazas a vivir unha auténtica experiencia scout en contacto coa natureza, cun campamento 100% gratuito e será un xeito de presentar o tipo de actividades que nos caracterizan como scouts que iremos traballando ao longo do ano. Faremos orientación, xogos, lume de campamento, rastrexos, astronomía, cancións, moitas risas e en definitiva unha chea aventuras ambientadas no mundo da exploración que terán como base **o albergue de As Corcerizas, no municipio de Vilar de Barrio.**

Que somos?

Somos unha entidade educativa non lucrativa destinada a infancia e mocidade atendida exclusivamente por persoas voluntarias. Noso obxectivo é o de ser unha escola de cidadanía baseada na coeducación, a liberdade, a xustiza e a solidariedade, estimulando a responsabilidade persoal dos nenos e nenas no marco da convivencia e o servizo á comunidade. Pretendemos contribuír a espertar o espírito crítico e participativo á vez que promovemos hábitos de vida saudable e o compromiso co coidado e defensa do medio.

Para saber máis:

- vídeo de presentación: https://youtu.be/Z_1LVGyt7eQ
- páxina web: <http://scoutsourense.org/>
- Teléfono de contacto: Xulio López (649752351)